

Dinámicas demográficas actuais:

- Desequilibrios territoriais no movement natural da poboación.
- Movements migratorios (1990 á actualidade)



Actualmente, todas as Comunidades Autónomas españolas posúen baixas taxas de natalidade, de mortalidade e un crecemento natural moi baixo ou incluso xa negativo. Non obstante, existen certos contrastes debidos á **diferente estrutura por idades** (grao de xuventude ou avellentamento da poboación), resultante de causas herdadas (tradición máis ou menos natalista, maior ou menor incidencia do éxodo rural...) e de causas actuais (diferente grao de dinamismo económico e maior ou menor presenza de inmigrantes estranxeiros):

- As **causas herdadas** son o distinto comportamento tradicional da natalidade e as diferenzas de desenvolvemento económico, causantes das migracións. Estas aféctanlle principalmente á poboación nova e provocan o avellentamento das rexións emigratorias (onde descende a natalidade e aumenta a mortalidade) e o rexuvenecemento das inmigratorias.

En España, as migracións tiveron lugar entre 1950 e 1975, ao producirse un importantísimo éxodo rural desde as rexións agrarias do interior ás urbano-industriais da periferia e de Madrid. A crise de 1975 detivo estas migracións e afundi a natalidade nas rexións industriais máis afectadas polo desemprego.

- As **causas actuais** son os novos factores de desenvolvemento económico a partir da crise (terciarización da economía, difusión espacial da industria, modernización da agricultura...) e a inmigración exterior, que desde 1995 achega poboación nova e eleva a natalidade das rexións e Comunidades que máis inmigrantes estranxeiros recibiron.

a) As Comunidades Autónomas con maior dinamismo demográfico contan, en xeral, cun crecemento natural superior á media nacional por ter taxas de natalidade algo maiores e taxas de mortalidade algo inferiores. Así, presentan unha estrutura demográfica relativamente menos avellentada, con cifras inferiores á media nacional, situada nun 18,4% de poboación maior de 65 anos. As causas son:

- Unha **tradición máis natalista**: Murcia, Andalucía, Navarra e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.
- A **recepción no pasado de inmigrantes novos**, que colaboraron a aumentar a taxa de natalidade e a reducir a mortalidade, é o caso de Comunidades máis desenvolvidas que acolleron o éxodo rural chegado do interior peninsular: Madrid, Cataluña, C.Valenciana, Baleares...
- Comunidades que presentan na actualidade un **maior dinamismo económico** (servizos ou agricultura avanzados, turismo, sectores industriais punteiros...) que supuxo a chegada desde a década de 1990 dun importante volume de **inmigrantes estranxeiros**, que contribuíron a rexuvenecer a poboación e recuperar un pouco a natalidade. É o caso de Madrid, Cataluña, Andalucía, Murcia, Baleares, Navarra, Canarias...

b) As Comunidades Autónomas con menor dinamismo demográfico contan, en xeral, cun crecemento natural inferior á media nacional, que xa se atopa en cifras negativas, por ter taxas de natalidade máis baixas e taxas de mortalidade superiores. Así, presentan unha estrutura demográfica moi avellentada, con cifras que superan o 20% de poboación maior de 65 anos. As causas son:

- Unha **tradición menos natalista**, como é o caso de moitas Comunidades do Norte peninsular, como Galicia, Castela-León...
- Unha **longa tradición emigratoria**, que provocou unha enorme caída da súa natalidade e un forte avellentamento, como é o caso de Galicia e as Comunidades do interior peninsular (agás Madrid), que sufriron o éxodo rural no pasado e un sobreavellentamento da súa poboación ao recibir as migracións de retorno posteriores á crise de 1975 (que supuxeron sobre todo o regreso ás súas rexións de orixe de maiores de 55 anos, xubilados ou prexubilados a raíz da crise económica e a reconversión industrial).
- O **estancamento económico** debido á prolongada incidencia da crise de 1975 sobre a súa industria e as dificultades para desenvolver novas actividades, como é o caso das Comunidades cantábricas de Asturias e Cantabria (antigas Comunidades inmigratorias nas que a crise industrial causou o cesamento da inmigración e mesmo emigración, e un acusado descenso da natalidade).
- Unha **menor incidencia da inmigración estranxeira** durante o período de expansión económica 1995-2008, agravada polo descenso das entradas a partir da crise de 2008.

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da **mobilidade da poboación ou saldo migratorio**: se a inmigración é maior que a emigración, o saldo é positivo e a poboación aumenta; se a emigración é maior que a inmigración, o saldo é negativo e a poboación diminúe.

► Os movementos migratorios españois adoitan **clasificarse** en migracións transoceánicas históricas, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e migracións modernas, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as *migracións interiores campocidade e as migracións exteriores*, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental. Estas migracións de carácter laboral finalizan bruscamente a mediados dos anos setenta do século XX, como consecuencia da crise económica internacional que se produciu a causa da alza do prezo do petróleo.

- Coa recuperación económica de mediados dos anos oitenta do século pasado, os fluxos interiores reactiváanse; aínda que sen alcanzar a intensidade dos tempos do éxodo rural nin os niveis doutros países europeos. **Destaca un modelo migratorio interior novo**, en que as migracións interprovinciais (económicas e motivadas por cambios de emprego) perden importancia a prol das migracións intraprovinciais, orixinadas por cambios no lugar de residencia, pero non necesariamente de emprego. Na actualidade, a maior parte dos fluxos migratorios son de curta distancia, e están ligados á expansión urbana. O crecemento das principais cidades desborda os termos municipais e trasládase aos municipios veciños. Ese cinto de municipios próximos ás grandes cidades é o que experimenta un maior crecemento demográfico, debido sobre todo á inmigración de poboación nova. Este proceso é posible a causa da confluencia dun conxunto de factores técnicos (a mellora das infraestruturas de transporte arredor das cidades), económicas (a carestía do solo e a vivenda incita aos mozos a buscar vivendas máis baratas nos arredores das cidades) e culturais e ambientais (busca de novos estilos de vida máis ligados á natureza, fuxindo da deterioración do medio ambiente das áreas urbanas). Estas migracións ligadas á expansión das cidades e o crecemento da súa periferia son paralelas á continuación do baleirado do medio rural debido non só á emigración, senón tamén ao seu crecemento natural negativo, consecuencia do seu avellentamento.

- Desde 1975, a **emigración exterior** ten un volume reducido. As súas motivacións son laborais, a realización de estudos e a mellora da formación. **Desde 2008, a crise económica incrementou a emigración exterior**, motivada agora sobre todo polo desemprego en España. Os emigrantes proceden maioritariamente dos núcleos urbanos e diríxense a países europeos como Reino Unido, Alemaña e Francia. O seu perfil é o de mozos con bo nivel de cualificación en profesións con demanda externa (sanidade e enxeñería); moi afectadas pola crise (arquitectura); ou polos recortes presupuestarios (científicos e investigadores); aínda que ao avanzar a crise, aumenta a saída de traballadores de máis de 45 anos no paro prolongado coas súas familias. A emigración a América Latina creceu menos e trátase na maioría dos casos de antigos inmigrantes nacionalizados que regresan. Unha das consecuencias negativas desta emigración é a perda de poboación nova, emprendedora e con boa formación.

► A partir dos últimos decenios do século XX iniciouse unha nova etapa nas migracións. **O desenvolvemento económico transformou España dun país tradicionalmente emigrante a un país receptor de inmigración**.

- **Durante a primeira fase** (nos anos oitenta do século pasado), a maior parte dos estranxeiros residentes en España procedían de occidente, o centro e o norte de Europa, (xubilados europeos que elixiron a costa mediterránea española e os arquipélagos para poder gozar do seu clima ou traballadores das multinacionais europeas que se foron asentando especialmente en Madrid e Barcelona. Ademais, existía unha colonia crecente de marroquís que comezaron a acudir a España durante esa época na busca de traballo.

- **Durante a década de 1990 e os primeiros anos do noso século**, chegaron ao noso país numerosos emigrantes. Así, o número de estranxeiros pasou de algo menos de 500000 persoas en 1995 a uns 5,2 millóns de inmigrantes no ano 2008, o que supoñía o 11,3% da poboación. Procedían maioritariamente de Europa do Leste, así como latinoamericanos e asiáticos, á vez que continuou o fluxo de norteafricanos. Aínda que os inmigrantes proveñen de moi distintos países, certas nacionalidades están máis representadas en función da proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais. Así, a maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses.

Os estranxeiros concéntranse nas áreas máis dinámicas do territorio español, é dicir, onde hai máis oportunidades de emprego. Destacan especialmente Madrid, xunto co litoral mediterráneo e as illas, onde superan o 12% da poboación da Comunidade. Non obstante, os inmigrantes chegaron a practicamente todos os recantos do territorio, se ben a maior parte se concentra nas grandes cidades. Tamén existe un importante número de

estranxeiros, sobre todo africanos, en áreas rurais con agricultura intensiva. Polo tanto, **a súa localización espacial está moi relacionada co tipo de traballo que desempeñan**. En xeral, os inmigrantes ocupan postos de traballo que non eran cubertos pola poboación española, polo que non hai propiamente unha situación de competencia coa poboación autóctona. O tipo de traballo está relacionado en gran medida coa nacionalidade: os cidadáns do centro e o oeste de Europa ocupan empregos ben remunerados e localízanse sobre todo en Madrid e Barcelona, aínda que tamén en actividades de servizos en áreas turísticas; os hispanoamericanos, ao compartiren un mesmo idioma cos españois, realizan actividades fronte ao público; traballan preferentemente no sector servizos. Os marroquís e subsaharianos están especialmente representados na construción e a agricultura; os europeos do leste están representados en moi variadas actividades; e os chineses dedícanse preferentemente ao comercio.

- Desde o ano 2008, a crise económica e o desemprego provocou a diminución das entradas de persoas estranxeiras e ocasionou o retorno de inmigrantes aos seus países de orixe ou emigración a outros destinos. Outro dos motivos dese descenso ata a actualidade está no aumento do número de nacionalizacións (En 2014 cerca de 205000 persoas adquiriron a nacionalidade española). A comezos do ano 2011 a cifra era de 5,7 millóns de inmigrantes estranxeiros, o que viña a ser o 12,2% da pob. total. A partir dese ano **a cifra empeza a reducirse...** e no ano 2015 a cifra foi de 4,7 millóns, o que supón un 10,1% da poboación. Pero a partir do **segundo semestre dese ano 2015 as cifras do saldo migratorio volven a ser positivas**, ao chegar a España máis persoas das que saíron, o que contribúe a compensar o crecemento vexetativo que xa se sitúa en cifras negativas!

Os inmigrantes estranxeiros coa súa presenza e o seu traballo contribuíron de forma decisiva ao crecemento demográfico e económico de España nos últimos tempos. Ademais, a chegada de estranxeiros freou o proceso de avellentamento da poboación, xa que entre eles predominan os adultos novos e as súas taxas de natalidade son superiores ás da poboación española. Este feito é importante desde o punto de vista de mantemento do sistema de pensións e Seguridade Social: coa chegada masiva de inmigrantes prodúcese unha diminución da proporción de poboación dependente e un aumento do número de contribuíntes. En canto á integración social dos inmigrantes, a situación é moi diferente segundo os colectivos, pois algúns poden integrarse moito máis facilmente ca outros en función da súa lingua e a súa cultura. As dificultades de integración, poden suscitar tensións coa poboación autóctona e actitudes xenófobas. Moitos sofren duras condicións laborais: baixos salarios, longas xornadas, ausencia de seguros e malas condicións de vida en barrios marxinais e vivendas de escasa calidade. En parte, por iso son acusados de xeito inxusto de diversos delitos e de formas de vida pouco edificantes (mendicidade, delincuencia, prostitución...).

